

Leituras

Leit

Un diálogo aberto

Galegos e cristiáns

Todos coñecen as variantes cristiás que hai no mundo. Na Galiza a variante máis numerosa, a historicamente determinante, é a católicorromana. É esta unha variante na que a uniformidade latino-occidental é aínda moi visíbel. Que conta cada cultura europea en tal catolicismo? Moito. Que conta cultura galega no catolicismo romano? Pouco. Os porqués aparecen con nitidez cando se revisa a historia da Igrexa galega.

O libro de Vitorino Pérez Prieto "Galegos e cristiáns" trata dos esforzos por aclimatar o catolicismo ao humus galaico, de reformular a relixiosidade cristiá nas súas raíces e de que a Galiza conte cunha Igrexa católica galega e non cunha Igrexa católica allea á realidade cultural deste povo.

É esta unha teima constatante de Vitorino Pérez, tanto como xornalista e ensaísta, como na súa praxe pastoral agora na cidade de Ferrol. E o que el fai busca constatalo nos demais, nos máis posíbeis. A iso responde esta obra.

En oito capítulos aprésentanos Vitorino o camiño da inculturación da fe na Galiza, dun diálogo dos evangelizadores cos povoadores até criar ambos e dous a Igrexa. No primeiro capítulo evoca os principios dese diálogo que se prolongou até o s. XVI. A Igrexa era na antigüidade e na Idade Média tan galega na Galiza como gala na Franza, catalana na Catalunya, etc. A mutación foi un fenómeno histórico que lle afectou á Igrexa galega como a outras de




Ilustración de Pepe Carreiro do libro *Bispos e monxes* na colección de Historia de Galicia Infantil de A Nosa Terra.

comunidades de iter político semellante: a subordinación cultural a centros de poder de diferente lingua foi causa do deterioro no diálogo, da substitución do propio polo alleo. E niso estamos.

Contra iso hai toda unha polémica que xa leva tres séculos de duración: un primeiro de formulación por parte dos ilustrados, un segundo de ensaio no revival devocionista do s. XIX e un terceiro na actualidade. Vitorino dá conta sinteticamente dos dous primeiros e polo miúdo do terceiro.

A obra resulta así un ensaio entre o relato histórico e o dicionario. A acumulación de autores que participaron e participan no intento "inculturador", obrigou ao autor a compendiar. Pero a erudición de Vitorino posibilitoulle ensaiar un xénero con graza; racha a acumulación de datos coa oferta de ideas claves para os numerosos escritores analizados e, ao utilizar a entrevista coas persoas vivas, enche de espontaneidade moitas páxinas.

Todo nesta obra está na órbita de

conseguir un diálogo entre fe e cultura, entre galeguidade e catolicidade, entre galegos e cristiáns. Unha tan numerosa mostra de participantes nese esforzo fai patente o que o autor formula no prefacio: "a experiencia que narra o libro pode axudar de ponte; non se trata só de individualidades xeniais, en moitos casos son xente ben sinxela e tras eles había e hai toda unha realidade rica, aínda que descoñecida" (p. 18).

Nesa perspectiva o máis valioso e con futuro son os grupos descritos a partir da p. 318: Movimentos apostólicos v.g. HOAC, Movemento rural, etc., comunidades parroquiais coa litúrxia en galego,

A Igrexa era na antigüidade e na Idade Média tan galega na Galiza como gala na Franza e catalana na Catalunya

Comunidades de vida v.g. a da Guía en Vigo, Home Novo na Coruña, Vangarda Obreira (A Coruña), etc., grupos que se moven arredor de Irimia, de Encrucillada. Afortunadamente hai xa unha coordinadora dos colectivos empeñados neste proceso: a "Asemblea de cristiáns Galegos", que lles serve de canle de intercomunicación, revisión e programación anual.

O libro demostra que esta xeira de ilusión evangelizadora non está desnortada, non se equivoca, vai polo camiño da autenticidade e da superación dunha relixiosidade ritualista, de pura función social como lle pode acontecer e lle acontece de feito a tantas parroquias non inculturadas na realidade e na lingua da Galiza.

Un intento tan amplo como o que propuxo V. Pérez en "Galegos e cristiáns" tiña que pagar prezo: elixir a uns e omitir a outros. Cando apoia a documentación só na entrevista, os erros en datas, referencias, etc., son máis fáceis. Así, non foi Xelmírez quen trocou a sede de Íria a Santiago, xa o fi-

xeran; el só a elevou a metrópole. M. Peleteiro non naceu en Sevilla senón na Ferreirua, etc. Detalles sen importancia que caracterizan os pequenos erros do que no libro hai de dicionario.

Esta Igrexa galeguizada da Galiza ten xa un libro para se recoñecer; agora podemos camiñar pola Terra e saber onde hai quen comparte connosco un labor de encarnación, a prol dunha fe liberadora, de amor desinteresado. Sabemos, ademais, que somos moitos, e que cantos están nestas páxinas son, pero quedaron fora outros que tamén contaban con merecimentos para figurar na lista de axentes de diálogo galego-cristián. Na actual mutación da Igrexa galega os devanditos grupos e persoas deben ser un factor decisivo. ♦

FRANCISCO CARBALLO

PÉREZ PRIETO, VITORINO. *Galegos e cristiáns*. Sept. Vigo, 1995. 375 pp.